

RESOLUCIÓN da Comisión de Selección encargada de cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, da Axencia Turismo de Galicia, pola que se aproba e se fai pública a baremación provisional de méritos do concurso.

En sesión que tivo lugar o 16 de outubro de 2023, a Comisión de Selección, nomeada pola Resolución do 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para cualificar o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, para o ingreso nas prazas dos grupos e categorías de titulado/a superior (grupo I, categoría 004), titulado/a grao medio (grupo II, categoría 007) e administrativo/a (grupo III, categoría 062), convocadas pola Resolución do 28 de decembro de 2022 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), de conformidade co disposto nas bases da convocatoria

ACORDOU:

Aprobar a baremación provisional de méritos das persoas aspirantes admitidas definitivamente, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, ao proceso selectivo extraordinario para o ingreso nos grupos e categorías seguintes:

- **Titulado/a superior (grupo I, categoría 004).**
- **Titulado/a grao medio (grupo II, categoría 007).**
- **Administrativo/a (grupo III, categoría 062).**

A baremación provisional dos méritos, completa e parcial de acordo ao establecido no apartado III.1 das bases da convocatoria (titulación e idiomas, cursos de formación, lingua galega e experiencia profesional), recollida no Anexo I, así como, as indicacións seguidas para a súa determinación, recollidas no Anexo II, poderanse consultar no taboleiro de anuncios do portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>.

De conformidade co disposto no apartado III.2 das bases da convocatoria, as persoas aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar unha reclamación ante a Comisión de Selección, dirixida á persoa titular do órgano convocante, no prazo de dez (10) días contados a partir do seguinte ao da publicación da citada baremación no DOG.



ANEXO I

A baremación provisional de méritos das persoas aspirantes admitidas ás sete (7) prazas convocadas do grupo I, categoría 004, é a seguinte:

N.º	NIF	APELIDO1	APELIDO2	NOME	Formación superior Idiomas (7,5 p.)	Cursos de formación (17,5 p.)	Galego (5 puntos)	Experiencia profesional (70 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL (100 puntos)
1	***7578**	ABELLA	LÓPEZ	ANA BELÉN	0	17,5	5	13	35,500
2	***1078**	ALCALDE	GARCÍA	BEATRIZ	0	13,2	0	22,88	36,075
3	***6449**	CARRO	VIEITES	MARIA ELENA	1	1,2	4	0	6,200
4	***5525**	CUIÑA	PUENTE	MARIA MERCEDES	0	16,96	0	37	53,960
5	***6136**	DIAZ	BARREIROS	ELENA	0	17,5	5	21,25	43,750
6	***0933**	DIAZ	BURGOS	ROSA MARIA	0	17,5	5	43	65,500
7	***5530**	FERNÁNDEZ	PIÑEIRO	ELVIRA INES	0	13,8	0	70	83,800
8	***8871**	FERNÁNDEZ-REFOJO	GONZÁLEZ	CARLA MARIA	0	17,5	4	69,3	90,800
9	***0624**	FREIJIDO	RODRÍGUEZ	BEATRIZ	1	17,5	5	0	23,500
10	***2675**	GARCÍA	AMEAL	ROSA LEONOR	1	10	4	70	85,000
11	***7384**	GARCÍA	PERNAS	CATHERINE	1	17,5	5	5,4	28,900
12	***5607**	GÓMEZ	ESTALOTE	OFELIA	0	17,5	0	69,9	87,400
13	***2064**	GÓMEZ	SOUTO	FRANCISCO JOSE	0	4,8	0	70	74,800
14	***6802**	IGLESIAS	DIAZ	M.ª DEL CARMEN	0	10,2	0	70	80,200
15	***5601**	JUANATEY	REGALADO	ALEJANDRO	1	17,28	5	0	23,280
16	***1068**	MARTÍNEZ	VILLAVARDE	JUAN JOSE	0	13,56	5	25,88	44,435
17	***3726**	NEO	VÁZQUEZ	PABLO	1	1,92	0	8,5	11,420
18	***7034**	PAZO	LABRADOR	ANA ISABEL	0	17,5	4	12,25	33,750
19	***8412**	RODRÍGUEZ	FERNÁNDEZ	M.ª DEL CARMEN	0	15,16	4	21,5	40,660
20	***6424**	RODRÍGUEZ	REGUEIRO	FÁTIMA	0	17,5	5	27,13	49,625
21	***1577**	RON	GÜMIL	MARIA DEL PILAR	0	5,84	0	70	75,840
22	***9207**	SESTO	REY	RAQUEL	2	5,6	0	0	7,600
23	***1627**	VILLAR	FERNÁNDEZ	M.ª DEL CARMEN	0	10,84	5	20,5	36,340
24	***9798**	ZOTES	TARRÍO	YOLANDA NÉLIDA	1	17,5	5	25,38	48,875

A baremación provisional de méritos das persoas aspirantes admitidas á praza convocada do grupo II, categoría 007, é a seguinte:

N.º	NIF	APELIDO1	APELIDO2	NOME	Formación superior Idiomas (7,5 p.)	Cursos de formación (17,5 p.)	Galego (5 puntos)	Experiencia profesional (70 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL (100 puntos)
1	***7384**	GARCÍA	PERNAS	CATHERINE	2	17,5	5	0	24,50
2	***0250**	OTERO	DESOJO	NURIA TERESA	7	6,24	0	1	14,24
3	***9374**	PACHECO	ETCHEVERS	RAMÓN	0	14,48	0	31,38	45,86
4	***8600**	PERNAS	PÉREZ	JUAN	0	10,88	0	0	10,88
5	***5048**	RODRÍGUEZ	BEIRO	HUMBERTO	1	17,5	5	32,7	56,20
6	***8389**	VILANOVA	RODRÍGUEZ	JOAQUÍN ANTONIO	0	0	0	0	0

A baremación provisional de méritos das persoas aspirantes admitidas ás catro (4) prazas convocadas do grupo III, categoría 062, é a seguinte:

N.º	NIF	APELIDO1	APELIDO2	NOME	Formación superior Idiomas (7,5 p.)	Cursos de formación (17,5 p.)	Galego (5 puntos)	Experiencia profesional (70 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL (100 puntos)
1	***5209**	ABELLAS	ALVAREZ	ROSINA MARIA	1	7,52	0	5,1	13,62
2	***6830**	BUDIÑO	LEMONS	MARTA	3	2,4	4	63,5	72,90
3	***7384**	GARCÍA	PERNAS	CATHERINE	3	17,5	5	0	25,50
4	***2092**	MOURE	VÁZQUEZ	MARIA ENMA	1	7,6	4	10,88	23,48
5	***0250**	OTERO	DESOJO	NURIA TERESA	7,5	6,24	0	0	13,74
6	***9374**	PACHECO	ETCHEVERS	RAMÓN	1	14,48	0	0	15,48
7	***8600**	PERNAS	PÉREZ	JUAN	2	10,88	0	0	12,88
8	***6847**	REY	TATO	MÓNICA	3	17,5	5	26,38	51,88
9	***3555**	SÁNCHEZ	PARADELA	ELENA ELVIRA	4	2	0	0	6,00
10	***6934**	TILVE	RODRÍGUEZ	MARCOS	0	13,72	0	63,3	77,02



ANEXO II

Indicacións sobre as puntuacións provisionais outorgadas, de acordo ao establecido nas bases da convocatoria, en cada un dos apartados a baremar *(A fase de concurso consistirá na valoración dos méritos das persoas aspirantes que acreditaron o nivel de coñecemento da lingua galega requirido ou superaron a proba correspondente. A valoración terá unha puntuación máxima de 100 puntos).*

1) FORMACIÓN (Ata un máximo de 30 puntos)

a) Titulacións e idiomas (A puntuación máxima deste apartado será de 7,5 puntos):

Valoraranse con un punto a licenciatura, grao ou equivalente (non a que é requisito, que non se valora), un punto a diplomatura ou equivalente (non a que é requisito, que non se valora), un punto o título de doutor, un punto por cada certificado ou título de nivel avanzado ou equivalente das Escolas Oficiais de Idiomas ou por cada título ou certificado de referencia para as linguas estranxeiras do nivel B2, B1, C1 sempre que no se houbera alegado unha certificación da EOI no mesmo idioma. Valóranse única e exclusivamente, de acordo ao establecido no apartado III.1 das bases da convocatoria, os certificados oficiais de idiomas ou títulos homologados tanto das EOI como aqueles que cumpran os requisitos establecidos polo Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (por exemplo Cambridge English Qualifications no caso de inglés, DELF e DALF no caso de francés, os certificados do Goethe-Institut no caso do alemán, etc).

b) Cursos de formación (A puntuación máxima deste apartado será de 17,5 puntos):

Valoraranse os cursos de formación recibidos, convocados ou organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); polo Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); polas escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas; pola Academia Galega de Seguridade Pública; pola Escola Galega de Administración Sanitaria (FEGAS); pola Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); os cursos impartidos no marco do Acordo de formación para o emprego das administracións públicas (Afedap); os cursos impartidos polas organizacións sindicais que estiveran homologados pola EGAP; os cursos impartidos polo INEM; os cursos impartidos polas consellerías da Xunta de Galicia e os Entes adscritos; e os cursos impartidos por Universidades. Valoráronse única e exclusivamente, de acordo ao establecido no apartado III.1 das bases da convocatoria, os cursos recibidos, convocados ou organizados ou impartidos polas entidades recollidas con anterioridade, cunha duración igual ou superior á establecida a continuación.

Para cada curso de duración igual ou superior a 8 horas lectivas, valorarase 0,040 puntos cada hora de formación, ata un máximo de 4 puntos por curso.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares; as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica; os cursos de doutoramento; os módulos ou partes integrantes dun curso; nin os cursos que formen parte dos procesos de selección de funcionarios.

c) Coñecemento da lingua galega de nivel superior ao establecido como requisito de acceso (A puntuación máxima deste apartado será de 5 puntos):

Valoraranse ,de acordo ao establecido no apartado III.1 das bases da convocatoria, o curso de nivel medio de linguaxe administrativa galega, o curso de nivel medio de linguaxe administrativa local galega, o curso de linguaxe xurídica galega, o ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas, ou Celga 5: **4 puntos.**



Valoraranse ,de acordo ao establecido nas bases da convocatoria, o curso de nivel superior de linguaxe administrativa galega ou o curso de nivel superior de linguaxe xurídica galega: **5 puntos**.

En caso de acreditar máis dun grao de coñecemento do galego, só se computará o superior.

2) EXPERIENCIA PROFESIONAL (A puntuación máxima deste apartado será de 70 puntos)

Valorarase, de acordo ao establecido no apartado III.1 das bases da convocatoria, a experiencia profesional acreditada na Axencia Turismo de Galicia, na propia categoría profesional á que se opta, a razón de 0,30 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos. Os servizos prestados en categorías profesionais extinguidas consideraranse prestados nas categorías profesionais nas que se integraron ou refundiron cada unha delas. Valoráronse os servizos prestados acreditados mediante a presentación da correspondente certificación de servizos prestados na que se recolle explicitamente a categoría profesional desempeñada, non so o grupo de cotización.

Valorarase, de acordo ao establecido no apartado III.1 das bases da convocatoria, a experiencia profesional acreditada en calquera outro ente ou administración, na propia categoría profesional á que se opta ou na categoría profesional equivalente, sempre que se inclúa dentro de mesmo grupo de titulación, a razón de 0,125 puntos por mes traballado con vinculación temporal ata un máximo de 70 puntos. Valoráronse os servizos prestados acreditados mediante a presentación da correspondente certificación de servizos prestados na que se recolle explicitamente a categoría profesional desempeñada, non so o grupo de cotización.

Calcularase o número total de días correspondentes aos distintos nomeamentos computables e dividirase o resultado entre trinta (30). O cociente enteiro, despregando os decimais, multiplicarase por 0,30 puntos, ou por 0, 125 puntos segundo corresponda. Os servizos efectivos prestados en xornadas inferiores á completa valoraranse proporcionalmente.

Ao persoal laboral fixo ou ao que se atope en condicións de adquirir a fixeza en virtude dos procesos selectivos en curso, que se presenten aos procesos derivados da Lei 20/2021, non se lle computarán os servizos prestados como persoal laboral temporal na categoría que sexa equivalente á categoría laboral convocada.

Finalmente, de acordo ao establecido no apartado III.3 das bases da convocatoria, a orde de prelación das persoas aspirantes virá dada pola suma das puntuacións do concurso. Non poderá superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas. Para poder superar o proceso selectivo será necesario acadar unha puntuación mínima de trinta (30) puntos.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

Vº e Prace

O presidente

Antonio Casas Calviño

